

## O TEXTO ARGUMENTATIVO: definición, ámbitos de uso e estrutura

Un texto argumentativo **presenta unha idea e deféndea razoadamente**. A súa intención é a de convencer o interlocutor (**función persuasiva**), aínda que tamén achega coñecementos sobre o tema tratado (**función informativa**).



A presentación dunha postura e a súa defensa forma parte das relacións entre as persoas. Por iso, empregamos textos argumentativos a miúdo, en situación comunicativas moi diferentes e servíndonos dunha canle oral ou escrita.

**No ámbito persoal e cotián**, unha conversa na que se intercambian opinións diferentes sobre un tema constituiría un texto argumentativo. Nos medios de comunicación existen moitos xéneros xornalísticos (o editorial, o artigo de opinión, a crítica etc.) que tamén o son.

**No ámbito xurídico**, por exemplo, nun xuízo, o avogado elabora a defensa do seu cliente servíndose da argumentación, do mesmo xeito que o xuíz debe argumentar a súa sentenza baseándose nos principios lexislativos pertinentes.

O **mundo da ciencia** é outro dos ámbitos nos que este tipo de textos é moi necesario, pois para estableceren unha conclusión dos seus estudos, os científicos e as científicas deben razoala con argumentos sólidos.

Por último, no **ámbito propagandístico** tamén atopamos exemplos variados, como os sermóns, as campañas publicitarias ou os mitins.

### Estrutura dos textos argumentativos

O texto argumentativo debe ser **claro e ordenado** e adoita presentar esta **estrutura**:

- **Introdución**: ao comezo do texto preséntase a idea principal que se defende. Chámase **tese**. A tese pode ir precedida dunha introdución sobre o tema do texto.
- **Corpo argumentativo**: a continuación preséntanse os argumentos cos que se demostra a tese. As razóns ou **argumentos** deben ser **lóxicos, claros** e non contraditorios entre si.

#### Tipos de argumentos:

- Cando achega datos que buscan probar a tese defendida, denomínase argumento de datos.
- Cando presenta a opinión de alguén de recoñecido prestixio ou dun experto en determinada materia, coñécese como argumento de autoridade.
- Cando a idea defendida se ilustra cun caso concreto, recibe o nome de argumento de exemplificación.
- Cando se comparan dúas situacións para extraer unha conclusión, désígnase argumento de comparación.


- **Conclusión**: na parte **final** faise un **resumo** dos **argumentos** máis **destacados** e **confírmase** a idea defendida como **tese**.

**Actividade 1: Identifica a tese, os argumentos e a conclusión** expostos no seguinte texto:

### **Adeus á Antártida**

Científicos estadounidenses e revistas como *Nature Geoscience* determinaron que unha parte do oeste do continente antártico se derrete, máis rápido do previsto, a causa do quentamento global.

Dende 1958 as temperaturas foron aumentando ata 2,4 °C, afirman os científicos. En canto á revista, razoan esta teoría a partir dunhas medicións de temperaturas que están instaladas a uns 1530 m sobre o nivel do mar, na zona oeste do continente. Estas temperaturas foron tomadas a través dunha estación estadounidense que estivo en activo dende 1958 ata 1980, e que pechou definitivamente en 2005. Xa que estes rexistros foron calculados tanto tempo atrás, non se consideran moi fiables para poder establecer un prognóstico claro do verdadeiro futuro deste continente. Para completar os datos que faltaban tiveron que estudar os doutras estación meteorolóxicas. Unha vez recompilada toda a información necesaria, logrouse debuxar unha curva de temperaturas para esta rexión.



Hoxe en día sábese con certeza que as temperaturas neste continente de xeo non superan os -10 °C. Malia que isto non implicaría un gran derretemento do xeo, outro tipo de datos apuntan a que a estabilidade do xeo na costa do Antártico corre perigo de desaparición, polo que pequenos aumentos de temperatura suporían un maior derretemento do xeo e un próximo adeus á Antártida.

Martina Mendoza, 4 xaneiro 2013 (adaptación)  
<http://ies.franciscoasorey.ccmc.climantica.org>

➤ **Dá a túa opinión** sobre o **contido** do texto.

---

---

---

---

---

---

### **Características lingüísticas dos textos argumentativos**

Os textos argumentativos presentan unha **sintaxe complexa**, é dicir, **oracións extensas** con **variedade** de **conectores** que contribúen á explicación da tese:

- **CONECTORES DE CAUSA:** **presentan** a **causa** na que se basea unha afirmación. Algúns deles son: *debido a que, porque, posto que, xa que*.

**Exemplo:** *As operadoras intentan ampliar o número de usuarios de Internet, posto que obterán maiores beneficios.*

- **CONECTORES DE CONSECUCENCIA:** **sinalan** o **efecto** ou **consecuencia** dun feito. Son conectores consecutivos: *de modo que, polo tanto, por conseguinte*.

**Exemplo:** *Coa crise os sodos baixaron e, por conseguinte, caeu o consumo.*

- **CONECTORES DE CONDICIÓN:** indican que **o cumprimento dunha idea depende doutra**. Son: A condición de que, salvo que, se, sempre que son conectores condicionais.

**Exemplo:** *Debemos divulgar o novo regulamento e explicárllelo aos implicados se queremos que se cumpra.*

- **CONECTORES DE OPOSICIÓN OU CONTRASTE:** **indican** que hai unha **restrición**, unha **obxección que dificulta o mencionado con anterioridade**. Estes conectores son: a pesar de que, aínda que, mais, malia que, non obstante, pero, porén.

**Exemplo:** *Os inmigrantes intentan chegar ás costas europeas, aínda que poñan en risco a súa vida.*

- **CONECTORES DE COMPARACIÓN:** **contrastan dúas ideas ou feitos**. Son conectores comparativos: máis... do que, menos... do que, tanto... como.

**Exemplo:** *Durante as campañas electorais fanse máis promesas das que despois se cumpren.*

## LECTURA COMPRENSIVA: DEITADO FRONTE AO MAR...

➤ **LE O POEMA EN VOZ ALTA**, pero **ollo** coas **secuencias en grosa**:

a) **ao** pronúnciase sempre **aberto, ó [ɔ]**;

b) en **falar a fala nai** e en **arredar as miñas verbas** temos as SEGUNDAS FORMAS DO ARTIGO **la e las**, pois os artigos **a/ as** están en contacto co **-r final** dos INFINITIVOS. Polo tanto, hai que pronunciar: **fala-la fala nai** e **arreda-las miñas verbas**.

### *Deitado fronte **ao** mar...*

Lingua proletaria do meu pobo  
eu fáloa porque si, porque me gusta,  
porque me peta e quero e dáme a gana  
porque me sae de dentro, alá do fondo  
dunha tristura aceda que me abrangue  
**ao** ver tantos patufos desleigados,  
pequenos mequetrefes sen raíces  
que **ao** pór a gravata xa non saben  
afirmarse no amor dos devanceiros,  
**falar a fala nai**,  
a fala dos avós que temos mortos,  
e ser, co rostro erguido,  
mariñeiros, labregos da linguaxe,  
remo e arado, proa e rella, sempre.

Eu fáloa porque si, porque me gusta  
e quero estar cos meus, coa xente miña,  
preto dos homes bos que sofren longo  
unha historia contada noutra lingua.

Non falo pra os soberbios,  
non falo pra os ruíns e poderosos,  
non falo pra os inchados,  
non falo pra os baleiros,  
non falo pra os estúpidos,  
que falo pra os que aguantan rexamente  
mentiras e inxustizas decotío;  
pra os que súan e choran  
un pranto cotián de bolboretas,  
de lume e vento sobre os ollos nus.  
Eu non podo **arredar as miñas verbas**  
de tódolos que sofren neste mundo,  
e ti vives no mundo, terra miña,  
berce da miña estirpe,  
Galicia, doce mágoa das Españas,  
deitada rente ao mar, ese camiño...

Celso Emilio Ferreiro: *Longa noite de pedra*

## COMPRENSIÓN DE LECTURA

- **Busca un sinónimo no poema para cada unha destas palabras:**

a) Obreira: \_\_\_\_\_

b) Agre: \_\_\_\_\_

c) Descastados: \_\_\_\_\_

d) Antepasados: \_\_\_\_\_

e) Liñaxe: \_\_\_\_\_

- **Anota os adxectivos da composición cuxas significacións denoten calidades negativas. Indica a quen van dirixidos.**

---

---

---

---

- **Transforma o contido destes versos de Celso Emilio Ferreiro nunha argumentación a favor do uso do galego.** (Aproximadamente 150 palabras)

This image shows a single sheet of white paper with horizontal ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.